

INFORME

Área intervención

Nº ref.: 15/11/2013

(MLD/mmv)

Asunto: Informe económico financeiro en relación á aprobación do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2014

D^a Mónica Legaspi Díaz, Interventora da Deputación Provincial de Ourense, en relación co proxecto de orzamento da entidade provincial para o exercicio do ano 2014 e ó amparo do disposto no art.168.1 e) do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto legislativo 2/2004 e 18.1 e) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, ten a ben emitir o seguinte informe:

Normativa aplicable:

- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado por Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLRFL, en adiante).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL, en adiante).
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, que desenrola o capítulo I do Título VI do TRLRFL, en materia orzamentaria.

Informe:

En base ao previsto no artigo 168.1 e) do citado RDL 2/2004, de 5 de marzo, e no art. 18.1 e) do Real Decreto 500/1990, deberá unirse ao expediente orzamentario “un informe económico – financeiro, no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender ao cumprimento das obrigas esixibles e dos gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.”

O importe do orzamento tanto no estado de gastos como no de ingresos ascende á cantidade total de 73.700.000,00 euros, aumentando con respecto ó do último exercicio na cifra de 7.393.000,00 euros.

1.- Bases empregadas para a avaliación dos ingresos

O estado de ingresos para o exercicio 2014, alcanza un importe global de 73.700.000,00 €, que supón un incremento con respecto ao 2013 do 11,15 %. O citado estado divídese nos seguintes capítulos:

| CAPÍTULO | ANO 2013 | ANO 2014 | Incremento/ diminución |
|--|------------------------|------------------------|---------------------------|
| I.- IMPOSTOS DIRECTOS | 4.500.000,00 € | 4.100.000,00 € | -8,89 % |
| II.- IMPOSTOS INDIRECTOS | 3.058.000,00 € | 3.647.000,00 € | 19,26 % |
| III.-TAXAS,PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS | 5.766.259,14 € | 5.550.107,08 € | -3,75 % |
| IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES | 50.038.583,35 € | 58.904.980,65 € | 17,72 % |
| V.- INGRESOS PATRIMONIAIS | 292.262,75 € | 190.462,75 € | -34,83 % |
| VI.- ALLEAMENTO INVERSIÓN REAIS | 51.000,00€ | 7.000,00 € | -86,27% |
| VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL | 2.300.894,76 € | 1.000.449,52 € | -56,52% |
| VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS | 300.000,00 € | 300.000,00 € | 0,00% |
| IX.- PASIVOS FINANCEIROS | 0,00 € | 0,00 € | % |
| TOTAL | 66.307.000,00 € | 73.700.000,00 € | 11,15 % |

Capítulo 1. Impostos directos

O único imposto provincial, a recarga no Imposto sobre Actividades Económicas (I.A.E), prevese por un importe inferior en case 400.000,00 euros ó calculado para o exercicio anterior en función da liquidación do exercicio 2012. Mentres que o imposto sobre a renda das persoas físicas permanece practicamente igual.

Este capítulo alcanza un importe global de 4.100.000 €, que representa unha porcentaxe do 5,50 % sobre o total de ingresos de 73.700.000,00 €

Capítulo2. Impostos indirectos

O presente capítulo engloba unicamente as cesións do imposto sobre o IVA e sobre os impostos especiais do Estado

O importe total representa un aumento do 19,26 % con respecto aos ingresos totais previstos para o exercicio 2013, incremento baseado nas previsións comunicadas por parte do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Os ingresos por este concepto representan o 4,90 % do total do estado de ingresos do Orzamento da Deputación Provincial para o exercicio 2014

Capítulo 3. Taxas e outros ingresos

O presente capítulo engloba as distintas taxas, prezos públicos e outros ingresos a realizar durante o exercicio e o seu importe total é de 5.550.107,08, que representa un 7,50 % con respecto ao importe total dos ingresos.

A redución de ingresos no capítulo 3 en mais de 200.000 euros respecto ao exercicio anterior, débese fundamentalmente á previsión da menor realización de prestación de servizos, que levará consigo unha menor percepción de taxas e prezos públicos.

Capítulo 4. Transferencias correntes

Este capítulo engloba os seguintes conceptos: Transferencias do Estado, das Comunidades Autónomas e das Entidades Locais. O importe total consignado neste capítulo representa un 79,90 % con respecto ao importe total de ingresos.

O capítulo 4 de transferencias correntes experimenta un incremento respecto ao exercicio 2013 de 8.866.397,30 euros que corresponden basicamente á previsión mais aproximada, respecto do ano anterior, do Fondo Complementario de Financiación da Administración Xeral do Estado (8 millóns) e á aportación dos Concellos para a financiación da unidade provincial da xestión do lixo (800.000 euros). Estes ingresos seguen sendo un ano mais o principal recurso da facenda provincial, supondo para 2014 o 71,30 por cento do total do estado de ingresos.

Capítulo 5. Ingresos patrimoniais.

Recolle os canons pola concesión da cafetería sita no pazo dos deportes, o aparcamento do hospital Santa María Nai, o produto do medio rural e os intereses das contas bancarias; a consignación realizada no ano 2014 é moi inferior á de 2013 debido á desaparición dos

ingresos provintes do centro ecuestre e da maioría das vendas de produtos agrícolas, representando con respecto ao importe global do orzamento, un 0,20%.

Capítulo 6. Alleamento de investimentos reais.

Este capítulo experimenta unha diminución moi importante con respecto ao consignado no orzamento do exercicio 2013 debido a que neste ano se producira a enaxenación polos valores residuais de maquinaria e automóbiles obsoletos.

Capítulo 7. Transferencias de Capital

Este capítulo recolle os seguintes conceptos: transferencias da Comunidade Autónoma, de Entidades locais, e da Unión Europea.

O importe consignado neste capítulo é de 1.000.449,52 € que representa 1,30 % con respecto ao total do orzamento de ingresos.

En canto á diminución que experimenta este capítulo con respecto ao 2013 é dun 56,52 % o cal trae causa, principalmente, na non aportación por parte dos Concellos ao plano de cooperación que é asumido integramente pola Deputación Provincial, así coma no remate da vixencia do convenio coa Xunta de Galicia para a mellora da estrada Gustei- Os Peares.

Capítulo 8. Activos Financeiros

Constituído polo reintegro dos anticipos realizados ao persoal, que non varía con respecto ao 2013 e acada un importe de 300.000,00 €.

Capítulo 9. Pasivos financeiros

Este capítulo non ten consignación orzamentaria.

2.- Suficiencia dos créditos para atende-lo cumprimento das obrigas esixibles

O estado de gastos para o exercicio 2014, alcanza un importe global de 73.700.000,00 €, que supón un aumento con respecto ao 2013 do 11,15 %. O citado estado divídese nos seguintes capítulos:

| CAPÍTULO | ANO 2013 | ANO 2014 | Incremento/ diminución |
|--|------------------------|------------------------|---------------------------|
| I.- GASTOS DE PERSOAL | 27.814.622,96€ | 27.588.853,67 € | -0,81 % |
| II.- GASTOS BENS CORRENTES E SERVICIOS | 15.270.249,97 € | 17.905.505,41 € | 17,26 % |
| III.- GASTOS FINANCEIROS | 1.806.424,56 € | 1.489.571,42 € | -17,54 % |
| IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES | 5.046.000,00 € | 6.944.555,31 € | 37,62 % |
| VI.- INVERSIÓN REAIS | 10.041.174,97 € | 13.201.751,90 € | 31,48 % |
| VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL | 877.058,29 € | 1.240.334,72 € | 41,42 % |
| VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS | 300.000,00 € | 300.000,00 € | 0,00% |
| IX.- PASIVOS FINANCEIROS | 5.151.469,25 € | 5.029.427,57 € | -2,37% |
| TOTAL | 66.307.000,00 € | 73.700.000,00 € | 11,15 % |

Capítulo 1. Gastos de persoal.

Neste capítulo, que ascende á cantidade de 27.588.853,67 euros, fanse as consignacións necesarias de acordo coa Relación de Postos de Traballo (RPT) e co Proxecto de Orzamentos Xerais do Estado 2014, que contempla a conxelación das retribucións dos empregados públicos e garantízalles dúas pagas extraordinarias no 2014. Prevese ademais neste orzamento a percepción por parte dos traballadores da Deputación Provincial de 44 días de paga extra correspondentes ao exercicio de 2012, recoñecida xudicialmente.

Representa, con respecto ao total do estado de gastos, un 37,40 %.

Capítulo 2. Gastos en Bens correntes e servizos.

Neste capítulo prodúcese un incremento respecto ao ano anterior de mais de dous millóns e medio de euros, que se manifesta principalmente:

- No incremento do gasto en traballos de limpeza e aseo como consecuencia do incremento de SOGAMA na entrega do lixo
- Pola previsión da externalización da unidade do lixo
- No incremento do gasto en estudos e traballos técnicos, como consecuencia da prestación de servizos que se prevé realizar ao Consorcio de Augas de Valdeorras e da elaboración de estudos e proxectos no servizo de vías e obras,
- Como consecuencia de pequenos axustes no custo dos servizos para unha mais axeitada presupostación dos mesmos.

A porcentaxe que representa este capítulo con respecto ao total de gastos é do 24,30%.

Capítulo 3 e 9. Gastos financeiros e pasivos financeiros.

Englóbanse os gastos de intereses e amortización, respectivamente, das operacións de crédito vixentes. Os gastos consignados recollen as anualidades previstas para o exercicio 2014 dos distintos préstamos así como os intereses correspondentes.

O importe consignado no capítulo 3 para o exercicio 2014 é de 1.489.571,42 € que representa un 2,021 % sobre o total de gastos. A diminución que experimenta este capítulo con respecto ao consignado no exercicio 2013 é do 17,54 %, debido fundamentalmente a:

- Presupostación dos xuros a un tipo de interés lixeiramente inferior para as operacións de endebedamento a longo prazo referenciadas ó EURIBOR
- Menor consignación de xuros por préstamos a curto prazo, dado que se prevé concertar unha operación de tesourería no exercicio 2014 por importe de 5 millóns de euros, a diferenza do exercicio 2013 que se prevía por 8 millóns de euros.
- Amortización durante o exercicio 2013 de catro operacións de crédito coa correspondente diminución no importe dos intereses totais.

O importe consignado no capítulo 9 para o exercicio 2014 é de 5.029.427,57 €, que representa un 6,82 % do orzamento total de gastos e que supón unha diminución con respecto ao ano 2013 do 2,37 %. A pesar de que durante o ano 2013 se produce a amortización de catro operacións de crédito, esta redución vese compensada polo incremento na consignación de amortización de un dos préstamos en 1.200.000,00 euros.

Capítulo 4 e 7. Transferencias correntes e transferencias de capital

Destinados a recolle-las transferencias correntes que se adicarán ao financiamento de diferentes áreas: educación, cultura, deportes, servizos sociais, etc., así como tamén o importe de subvención destinada aos grupos políticos.

O importe consignado nestes capítulos representa un 9,42 % e un 1,68 % respectivamente con respecto ao total.

O incremento destes capítulos con respecto ao 2013 ven motivado fundamentalmente:

- Polo incremento do importe consignado na transferencia ao Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico en 400.000 euros para a promoción do emprendemento, turismo e desenvolvemento provincial.
- Subvencións a Concellos, na que se incorpora a línea de axudas para os Grupos de Emerxencia Supramunicipal e se prevé inicialmente a línea de axudas de limpeza viaria.
- Polas aportacións ao Consorcio do servizo de incendios da comarca de Carballiño – Ribeiro que entrará en funcionamento no ano 2014, así como ao Consorcio de augas de Valdeorras.
- O incremento de 100.000,00 euros para os concursos de concurrencia competitiva de clubs deportivos, actividades culturais e entidades de acción social.

Capítulo 6. investimentos reais

Neste capítulo figura o investimento de xestión directa pola Deputación, principalmente o de planos e proxectos provinciais e o ligado a Fondos europeos. O seu detallan regúlase no Anexo de investimentos, ó cal me remito.

Capítulo 8. Activos financeiros.

Recolle os anticipos concedidos ao persoal a curto prazo, que se mantén no mesmo importe que no exercicio 2013

O importe consignado para o exercicio 2014 é de 300.000,00 €.

Debe reseñarse que o estado de gastos do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Ourense para 2014 contén os créditos suficientes para atender ao cumprimento das obrigas esixibles así como dos gastos de funcionamento dos servizos provinciais. Gastos aos que pode facerse fronte coas previsións incluídas no estado de ingresos conforme ao disposto no artigo 168.1 e) do TRLRFL

Ourense, 15 de novembro de 2013

INTERVENTORA,
Asdo.: Mónica Legaspi Díaz

